

BAUTISMO DO SEÑOR B

PRIMEIRA Is 42, 1-4. 6-7

Velaquí o meu servo en quen eu me comprazo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Isto di o Señor:

Velaí o meu servo, a quen teño collido da man;
velaí o meu escollido no que eu me comprazo.
Teño posto sobre el o meu espírito:
ditaralles sentencia xusta ás nacións.
Non berrará,
non levantará a súa voz nin a fará oír nas rúas.
Canivela fendida non a romperá,
e torcida esmorecente non a apagará.
Con fidelidade proclamará a xustiza,
non desfalecerá nin crebará
ata establecer na terra a xustiza,
e a súa lei, que esperan as nacións.
Eu, o Señor, chameite por causa da xustiza, collinte pola man e protexinte,
e convertinte en Alianza dun pobo e en luz das nacións,
para que lles abras os ollos aos cegos, para que libres do cárcere aos presos,
da prisión aos que viven na escuridade.

SALMO RESP. Sal 28, 1a e 2. 3ac-4. 3b e 9b-10

R/ (11b): O Señor bendicirá ó seu pobo coa paz

Tributádelle ao Señor, fillos de Deus,
tributádelle ao Señor honor e forza;
tributádelle ao Señor o honor do seu nome,
adorade ao Señor con ornamento sagrado.

Unha voz:

"O Señor sobre as augas,

o Señor sobre as moitas augas".

Unha voz: "O Señor no seu poder".

Unha voz: "O Señor na súa maxestade".

O Deus glorioso fai treboar,
No seu santuario todo dí: ¡Gloria!
O Señor pon o asento sobre as augas,
pon asento de rei eterno.

SEGUNDA Feit 10, 34-38
Unxiuno Deus co Espírito Santo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS**

Tomou Pedro a palabra e dixo:

- Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ao que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. El mandoulle a súa palabra aos fillos de Israel, anunciándolle a Boa Nova da paz por Xesús Cristo: este é o Señor de todos. Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a todos os que estaban asoballados polo mal; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus.

ALELUIA Cf Mc 9, 6:

Abríronse os ceos e tronou a voz do Pai: Este é o meu Fillo predilecto; escoitádeo

BAUTISMO DO SEÑOR B

EVANXEO Mc 1, 7-11

Ti es o meu Fillo amado, en ti me comprazo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela Xoán proclamaba:

- Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de prostrarme para lle desatar os amallós do seu calzado. Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar con Espírito Santo.

E aconteceu por aqueles días que chegou Xesús desde Nazaret de Galilea, e Xoán bautizouno no Xordán. E de seguida, mentres saía da auga, viu abrirse o ceo e baixar sobre el, coma unha pomba, o Espírito Santo. E unha voz deixouse oír desde o ceo:

- Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto.